

**MEDIDAS DE PREVENCIÓN NA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
UNHA VEZ SUPERADA A FASE III DO PLAN
PARA A TRANSICIÓN CARA UNHA NOVA
NORMALIDADE.**



Guía de medidas necesarias

para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, e evitar posibles rebrotes, con vistas á superación da fase III do Plan para a Transición cara unha Nova Normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego.

RESOLUCIÓN DO 12 DE XUÑO DE 2020, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE, POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE DO ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA, DO 12 DE XUÑO DE 2020, SOBRE MEDIDAS DE PREVENCIÓN NECESARIAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19, UNHA VEZ SUPERADA A FASE III DO PLAN PARA A TRANSICIÓN CARA A UNHA NOVA NORMALIDADE. (DOG Nº 115, DO 13/06/2020)

[Versión actualizable]

13 de xuño de 2020

1. Introducción.....	3
2. Medidas de hixiene e prevención aplicable a todas as actividades.....	4
3. Regulación das condicións de apertura ao público dos establecementos comerciais polo miúdo e de servizos asimilados.....	12
4. Regulación das actividades de hostelería e restauración.....	15
5. Regulación das zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.....	17
6. Regulación das actividades de albergues turísticos.....	18
7. Regulación das actividades en academias, autoescolas, centros privados de ensino non regrado e centros de formación.....	19
8. Medidas de flexibilización no ámbito da cultura.....	20
9. Regulación das condicións para o exercicio de actividades deportivas.....	22
10. Regulación das condicións para o exercicio doutras actividades	23
11. Actividades que deberán permanecer pechadas ou poderán abrir con limitación de capacidade.....	26
12. Medidas relativas ao transporte terrestre e mariño.....	27

INTRODUCCIÓN

Desde a adopción do **Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo**, polo que declara o estado de alarma, adoptáronse unha serie de medidas de contención que tiveron un impacto económico e social moi relevante, xa que supuxeron reducir a actividade económica e social de forma temporal, restrinxindo a mobilidade e paralizándo a actividade en numerosos ámbitos, coas consecuentes perdas de rendas para traballadores e fogares, así como para as diferentes empresas e sectores da economía española. O pasado 28 de abril de 2020, mediante Acordo do Consello de Ministros, aprobouse o **Plan para a Transición cara a unha Nova Normalidade**, que concibe o levantamento das medidas de contención de modo gradual, asimétrico, coordinado coas comunidades autónomas e adaptable aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas. Durante a vixencia da sexta e **última prórroga do estado de alarma**, fixada ata as **00.00 horas do 21 de xuño**, o **Real decreto 555/2020, do 5 de xuño**, prevé, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme, **serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, e consonte criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade».**

O Consello da Xunta de Galicia apreciou, en acordo de 12 de xuño, que **a Comunidade Autónoma de Galicia está en condicións de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19 e, por tanto, en condicións de entrar na «nova normalidade» o cal fará desde lo luns 15 de xuño de 2020.**

A superación da fase III, implica que queden sen efecto as medidas extraordinarias derivadas do estado de alarma, e por tanto debe comportar a adopción, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia, aínda que atenuada, dunha situación de crise sanitaria.

Neste sentido, no ámbito estatal ditouse o **[Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño](#), de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19**, as cales, serán de aplicación naquelas unidades territoriais que superasen a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

No ámbito autonómico, ditouse a **[RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade](#)**, pola que se dá publicidade do **Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.**

OBXECTO	O obxecto é establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.
ÁMBITO DE APLICACIÓN E ALCANCE	As medidas serán de aplicación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
CONTROL DO CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS E RÉXIME SANCIONADOR	Os servizos de inspección municipais, autonómicos, serán os encargados de vixiar o cumprimento das medidas recollidas neste acordo. Os posibles incumprimentos serán sancionados polas autoridades competentes de acordo coa lexislación aplicable.
ENTRADA EN VIGOR	LUNS 15 DE XUÑO DE 2020

MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN APLICABLES A TODAS AS ACTIVIDADES

Que medidas de hixiene e prevención son aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público?

Nas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás **zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes**, como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características, conforme as **seguintes pautas**:

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) ou calquer outro desinfectante autorizado por Sanidade.	Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro , e procederase posteriormente ao lavado de mans.V
Limparase tamén as zonas privadas dos traballadores (vestiarios, armarios, aseos, cociñas e áreas de descanso) así como os postos de traballo que sexan compartidos .	Ventilación periódica de tódolos establecementos e locais comerciais, como mínimo de forma diaria e durante o tempo preciso para renovar o aire.
A ocupación máxima nos aseos e salas de lactación será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados , salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.	No caso de que no establecemento haxa ascensor ou montacargas, o seu uso limitarase ao mínimo imprescindible e utilizaranse preferentemente as escaleiras. Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima será dunha persoa , salvo que se trate de persoas conviventes ou que todos os ocupantes empreguen máscaras.
Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do 50% por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, debendo manterse durante o seu uso unha distancia de seguridade de 1,5 metros.	No caso de que se empreguen uniformes ou roupa de traballo , procederase ao lavado e desinfección regular destes. Deberanse desinfectar despois de cada uso os materiais de uso compartido .
Deberase dispoñer de papeleiras , as cales deberán ser limpadas de forma frecuente, e polo menos unha vez ao día .	Fomentarase o pago con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, evitando, na medida do posible, o uso de diñeiro en efectivo. Limparase e desinfectará tras o seu uso.



Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal de, polo menos, **1,5 metros ou**, na súa falta, medidas alternativas de protección física con **uso de máscara**, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria.

Que medidas de hixiene son exisibles aos establecementos e locais con apertura ao público?

Realizarán, unha limpeza e desinfección polo menos unha vez ao día , das instalacións, con especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes.	Deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal co vendedor ou provedor de servizos de 1,5 metros.
Revisarase frecuentemente o funcionamento e a limpeza de sanitarios, billas e pomos de porta dos aseos .	Esta distancia poderá ser de 1 metro cando se conte con elementos de protección ou barreira. Se non se pode manter a distancia a de seguridade interpersoal, deberase utilizar o equipamento de protección adecuado.

Que medidas de hixiene específicas son exisibles aos centros comerciais e parques comerciais?

Ademáis das anteriores deberán cumprir as seguintes condicións:

O uso de aseos familiares e salas de lactación restrinxirase a unha única familia de cada vez. O seu uso deberá ser controlado polo persoal do centro ou parque comercial. Procederase á súa limpeza e desinfección de xeito que se garanta a salubridade dos mesmos.	As zonas común e recreativas deberán limparse diariamente, tanto antes da apertura ao público e despois do peche, como de maneira regular durante o horario de apertura, prestando especial atención ás áreas de contacto das zonas comúns, tales como chans, mostradores, xogos das zonas infantís, e bancos ou cadeiras.
---	---

Que medidas adicionais son aplicables aos dispositivos de cobro e venda automáticos, máquinas expendedoras, lavanderías autoservicios e actividades similares?

Deberán cumprirse as medidas de hixiene e desinfección adecuadas tanto das máquinas como dos establecementos e locais , así como informar os usuarios do seu correcto uso mediante a instalación de cartelaría informativa .	Ventilación periódica de tódolos establecementos e locais comerciais, como mínimo de forma diaria e durante o tempo preciso para renovar o aire.
Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes.	Deberase dispoñer de papeleiras , as cales deberán ser limpadas de forma frecuente, e polo menos unha vez ao día .
Fomentarase o pago con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivo.	

Cales son as medidas de protección e hixiene aplicables aos clientes e usuarios nos establecementos e locais?

O cliente só debe permanecer no local o tempo estritamente necesario .	Deberá senalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros entre clientes, con marcas no chan, ou mediante o uso de balizas, cartelaría e sinalización.
Poderanse establecer no local itinerarios para dirixir a circulación de clientes para evitar aglomeracións en determinadas zonas e previr o contacto entre clientes.	Deberán poñer ao dispor do público na entrada do local ou establecemento, dispensadores de xeles hidroalcohólicos con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
Deberase proceder á limpeza e desinfección frecuente de calquera tipo de dispositivo , mobiliario ou superficie de contacto que empreguen distintos usuarios.	Non se poderá poñer ao dispor dos clientes produtos de proba sen supervisión de xeito permanente dun traballador que o desinfecte despois de cada uso.
Nos establecementos do sector comercial téxtil, e de arranxos de roupa e similares, os probadores deberán utilizarse por unha única persoa e despois do seu uso limparanse e desinfectarán.	Deberán hixienizarse as pezas probadas que finalmente non sexan compradas e as que foran devoltas .

Que medidas de hixiene e/ou prevención específicas se deben observar na prestación do servizo de hostelería e restauración?

Ademáis das anteriores deben cumprirse as seguintes:

<p>Limpeza e desinfección do local polo menos unha vez ao día. Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes</p>	<p>Limpeza e desinfección do equipamento, en particular mesas, cadeiras, así como calquera outra superficie de contacto, de forma frecuente.</p>
<p>Priorizarase a utilización de mantelerías dun só uso. Se non fose posible, debe evitarse o uso da mesma mantelería ou gardamanteis con distintos clientes, optando por materiais e solucións que faciliten o seu cambio entre servizos e o seu lavado mecánico en ciclos de lavado entre 60 e 90 graos centígrados.</p>	<p>Evitarase o uso de cartas de uso común, optando polo uso de dispositivos electrónicos propios, pizarras, carteis ou outros medios similares.</p>
<p>Almacenarase en recintos pechados os elementos auxiliares do servizo, como a vaixela, cristalería, xogo de cubertos ou mantelería, entre outros, e se isto non fose posible, lonxe de zonas de paso de clientes e traballadores.</p>	<p>Priorizarase o uso de produtos monodose desbotables, ou o seu servizo noutros formatos baixo petición do cliente, para dispensación de panos de mesa, escarvantes, vinagreiras, aceiteiras e outros utensilios similares</p>
<p>Nos establecementos que contén con zonas de autoservizo, deberá evitarse a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes, salvo produtos envasados previamente</p>	<p>O persoal traballador que realice o servizo en mesa e en barra deberá usar obrigatoriamente máscara.</p>



Nos aseos a ocupación máxima será **dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados,** salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.

Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a **ocupación máxima será do 50% por cento do número** de cabinas e urinarios que teña a estancia, debendo manterse durante o seu uso unha distancia de seguridade de 1,5 metros.

Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos aseos garantindo sempre o estado de salubridade e hixiene dos mesmos.

Que medidas de hixiene e prevención se aplicarán aos colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais?

Ademais das medidas xerais de hixiene e prevención previstas:

Deberáse respetar a distancia interpersoal de seguridade cando haxa varios artistas simultaneamente no escenario.	Non se compartía o vestiario entre artistas se non se realizou unha limpeza e desinfección previa.
Tanto nas representacións como nos ensaios garantirase a limpeza e desinfección de todas as superficies e instrumentos con que poidan entrar en contacto os artistas.	

Que medidas de hixiene e prevención se aplicarán na produción e rodaxe de obras audiovisuais?

Ademais das medidas xerais de hixiene e prevención previstas:

Os equipamentos de traballo reduciranse ao número imprescindible de persoas .	Cando a natureza da actividade o permita, manterase a correspondente distancia interpersoal con terceiros, ou empregárase o uso de EPIs .
Se non se pode manter a distancia de seguridade, nin o uso de EPIS , como é o caso dos actores e actrices, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir dos protocolos e recomendacións das autoridades sanitarias.	Poderanse realizar rodaxes en estudos e espazos privados , así como en espazos públicos que contén coa correspondente autorización do concello.

Cales son as medidas de entrada, saída e circulación de público?

<p>Recomendarase a venda en liña da entrada e, en caso de compra en billeteira, fomentarse o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos.</p>	<p>Procurarase sempre que os espectadores ou asistentes estean sentados e manteñan a distancia interpersonal de seguridade fixada, salvo que o tipo de actividade non o permita.</p>
<p>Recoméndase que todas as entradas e os asentos estean debidamente numerados, e deberán inhabilitarse as butacas que non cumpran cos criterios de distanciamento físico, así como as non vendidas. Evitarase, no posible, o paso de persoas entre filas que supoña non respectar a distancia de seguridade.</p>	<p>A apertura de portas realizarase con antelación suficiente para permitir un acceso graduado. A saída do público deberá realizarse de forma graduada por zonas, garantindo a distancia entre persoas.</p>
<p>Nos espectáculos en que existan pausas intermedias, estas deberán ter a duración suficiente para que a saída e a entrada durante o descanso tamén sexa graduada e cos mesmos condicionamentos que a entrada e saída de público.</p>	<p>Utilizarase a máscara cando non se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal e durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns e nos momentos de entrada e saída.</p>
<p>Facilitarase a agrupación de conviventes, mantendo a debida distancia de seguridade co resto dos espectadores</p>	<p>Realizaranse, antes e logo da actividade de que se trate, avisos que anuncien e recorden as medidas de hixiene e distanciamento e o escalonamento na saída do público.</p>
<p>Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os traballadores e o público ou, na súa falta, utilizaranse medidas alternativas de protección física con uso de máscara.</p>	

Cales son as **medidas de aforo** para os establecementos, instalacións e locais abertos ao público?

<p>Deben establecer sistemas que permitan o reconto e control do aforo, de forma que este non sexa superado en ningún momento.</p> <p>No aforo deberá incluírse aos propios traballadores.</p>	<p>Deben expoñer ao público o aforo máximo de cada local e respétalo así como respetar a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.</p>
<p>Deberá organizarse a circulación de persoas e a distribución de espazos cando sexa necesario para garantir manter as distancias de seguridade interpersoal esixidas.</p>	<p>Se o local ten dúas ou máis portas, poderase usar unha para entrar e outra para saír.</p>
<p>Cando se dispoña de aparcamentos propios para traballadores e usuarios, establecerase un control de accesos.</p> <p>Na medida do posible as portas que se atopen no percorrido entre o aparcamento e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura</p>	<p>O persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersoal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.</p>
<p>En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas.</p>	<p>A sinalización de percorridos obrigatorios realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.</p>

Cales son as **condicións para a realización de vodas e asistencia a velatorios e enterros**?

- ✓ Flexibilízanse aínda máis as medidas de asistencia a **velorios e enterros** – máximo de **70 persoas ao aire libre** e **30 en espazos pechados**¹– sexen ou non conviventes, e **lugares de culto 75 % do aforo**.
- ✓ As **vodas** están permitidas en todo tipo de instalación, co **75% do aforo**, pero hai que ter en conta que o número máximo de invitados ten que ser 250 en espazos abertos e 150 en espazos pechados.²

¹ Na fase III permítanse un máximo de 50 persoas ao aire libre e 25 en espazos pechados.

² Na fase III permítase un aforo máximo do 75%, cun número máximo de invitados de 150 en espazos abertos e 75 en pechados.

REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE APERTURA AO PÚBLICO DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS POLO MIÚDO E SERVIZOS ASIMILADOS

Ao darse por rematada a fase III, xa poderán abrir **todos os establecementos e locais comerciais polo miúdo e de actividades de servizos profesionais** cuxa actividade se suspendeu tras a declaración do estado de alarma, **CON INDEPENDENCIA DA SÚA SUPERFICIE ÚTIL DE EXPOSICIÓN E VENDA.**

Que requisitos deben cumprir os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que NON formen parte de centros o parques comerciais?

- ✓ **O aforo total** do local non superará o **75%**³. Se o local ten varias plantas, deberase respetar a porcentaxe do 75% para cada una delas.
- ✓ Debe establecerse un **horario de atención preferente para maiores de 65 anos.**
- ✓ Debe procurar **manterse a distancia de seguridade interpersoal** de 1,5 metros ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

³ Na fase III o aforo máximo permitido era dun 50%.

Que requisitos deben cumprir os establecementos e locais comerciais que se atopen dentro de parques ou centros comerciais?

O aforo en cada un dos **establecementos** limitarase ao **75%**⁴.

- ✓ O aforo en cada un dos **establecementos** limitarase ao **75%**⁵.
- ✓ O aforo nas **zonas comúns** limitarase ao **50%**.⁶
- ✓ Debe garantirse en todo caso a **distancia interpersonal de 1,5 metros** e evitar as aglomeracións de persoas nas zonas común e recreativas como poden ser as zonas infantís, ludotecas e áreas de descanso. No caso de que non poida respetarse a distancia esixida deberá procederse ao uso de máscara.
- ✓ Debe establecerse un **horario de atención preferente para maiores de 65 anos**

Que requisitos deben cumprir os mercadillos?

- ✓ Os Concellos serán os que establezcan os requisitos de distanciamento entre postos pero debe garantirse, en todo caso, unha limitación a **75% dos postos habituais**⁷ ou autorizados e garantizando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da **distancia social de 1,5 metros**.
- ✓ Deberá **senalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersonal** entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartellaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

⁴ Na fase III só se permitía o 50%.

⁵ Na fase III só se permitía o 50%.

⁶ Na fase III só se permitía o 50%.

⁷ Na fase III a limitación era do 50%.

- ✓ Recoméndase a posta á disposición de **dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes** con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados.
- ✓ Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha **limpeza e desinfección das instalacións** con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.
- ✓ Procurarase **evitar a manipulación directa dos produtos** por parte dos clientes.

Os Concellos poderán:

- aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade.
- priorizar aqueles postos que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que non se manipulen os produtos comercializados nos mesmos por parte dos consumidores.



A distancia entre os postos dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública e os viandantes será de **1,5 metros** en todo momento.

A distancia entre vendedor e cliente poderá ser de 1 metro cando se empreguen elementos de protección.

REGULACIÓN DAS ACTIVIDADES DE HOSTELERÍA E RESTAURACIÓN

Que requisitos deberán cumprir para o consumo no local?

- ✓ Non poderán superar o **75%⁸ do aforo**.
- ✓ O consumo dentro do local unicamente poderá realizarse **sentado en mesa**, ou **agrupacións de mesa o una barra**. Debe manterse sempre a distancia mínima de seguridade interpersoal.

Que requisitos deberán cumprir no servizo nas terrazas ao aire libre⁹?

Limitarase a súa capacidade ao **80%¹⁰ das mesas permitidas** no ano inmediatamente anterior en base á correspondente licenza municipal. Se é o primeiro ano ao que sexa autorizado para ese ano.

A **ocupación máxima será de 25 persoas por mesa** ou agrupación de mesas¹¹.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia física de polo menos **1,5 metros** entre as mesas ou, no seu caso, agrupacións de mesas.

⁸ Na fase III só se permitía un aforo do 50%.

⁹ Enténdese por terraza ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que estando cuberto estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

¹⁰ Na fase III permitíase o 75%.

¹¹ Na fase III o número máximo era de 10 persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Que requisitos deberán cumprir as discotecas e resto de establecementos de lecer nocturno?

- ✓ Os locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno **podrán manter abertas ao público exclusivamente as terrazas ao aire libre**, para consumo sentado en mesa, nas condicións que se indican a continuación.



Non obstante, sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, o resto da súa actividade **podrá restablecerse a partir do 1 de xullo** se a Administración autonómica así o permita.

- ✓ As terrazas ao aire libre destes establecementos limitarán a súa capacidade ao **75% das mesas permitidas** no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso que a licenza sexa concedida por primeira vez.
- ✓ En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas.
- ✓ A **ocupación máxima será de 25 persoas por mesa** ou agrupación de mesas.

REGULACIÓN DAS ZONAS COMÚNS DE HOTEIS E ALOXAMENTOS TURÍSTICOS

Normas xerais:

- ✓ Está permitida a apertura **das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos** sempre que non se supere **75 % do seu aforo**.¹²

- ✓ As **actividades de animación ou clases grupais**:
 - deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de **25 persoas**.
 - Deberase **respectar a distancia de seguridade interpersonal** entre as persoas que asistan á actividade e entre estes e o animador ou adestrador, ou utilizar máscaras na súa falta.
 - Realizaranse **preferentemente ao aire libre** e procurarase evitar o intercambio de material.
 - Realizarase a correspondente **desinfección de obxectos e material utilizado** nas actividades de animación logo de cada uso e disporase de xel hidroalcohólico ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados.

- ✓ No caso de instalacións deportivas de hoteis e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, aplicaranse as medidas establecidas especificamente para estas.

¹² Na fase III o aforo máximo permitido era do 50%.

REGULACIÓN DAS ACTIVIDADES DE ALBERGUES TURÍSTICOS

Normas xerais:

- ✓ Permitirase unha **capacidade máxima do 50%** por cento da súa capacidade total.
- ✓ Debense **evitar aglomeracións** e para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos establecementos ou, na súa falta, o uso de máscara.
- ✓ Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustaranse ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

REGULACIÓN DAS ACTIVIDADES EN ACADEMIAS, AUTOESCOLAS E CENTROS PRIVADOS DE ENSINO NON REGRADO E CENTROS DE FORMACIÓN

1. Poderá impartirse dun modo presencial sempre que **non se supere unha capacidade do 75%** respecto do máximo permitido e cun **máximo de ata 25 persoas**.
2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a **distancia de seguridade interpersoal** nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.
3. No caso de utilización de vehículos será obrigatorio o uso de máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN NO ÁMBITO DA CULTURA

CINES, TEATROS, AUDITORIOS, CIRCOS DE TOLDO E ESPAZOS SIMILARES	<p>poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o 75% da capacidade permitida en cada sala.</p> <p>No caso doutros locais e establecementos distintos actividade suxeitarase aos seguintes requisitos:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Se se celebra en lugares pechados, o público deberá permanecer sentado e non poderá superarse 75% do aforo autorizado, nin reunir máis de 300 persoas.¹³b) No caso de actividades ao aire libre, o público deberá permanecer sentado, gardando a distancia necesaria e non poderá superarse 75% do aforo nin reunir máis de 1.000 persoas.¹⁴
BIBLIOTECAS	<p>A ocupación de salas non poderá superar o 75% sobre a súa capacidade ou capacidade máxima permitida. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nelas.</p>
ARQUIVOS	<p>Os servizos poderán prestarse de maneira presencial ou por vía telemática, mediante solicitude e petición que será atendida polo persoal técnico.</p> <p>Poderán realizarse actividades presenciais nos arquivos sen superar o 75% da capacidade máxima permitida.</p>
MUSEOS E SALAS DE EXPOSICIÓNS	<p>Non se poderá superar o límite do 75% da capacidade permitida para cada unha das súas salas e espazos públicos.</p> <p>As visitas de grupos serán dun máximo de ata 25 persoas, incluído o monitor ou guía.</p> <p>O persoal de atención ao público do museo ou sala informará os visitantes sobre as medidas de hixiene e prevención fronte ao COVID-19 que deben observarse durante a visita e velarán polo seu cumprimento</p>

¹³ Na fase III o aforo máximo era de 50% e 80 persoas.

¹⁴ Na fase III o aforo máximo era de 50% e 800 persoas.

MONUMENTOS OUTROS EQUIPAMENTOS CULTURAIS	E Os monumentos e outros equipamentos culturais serán accesibles para o público sempre que as visitas non superen o setenta e cinco por cento da capacidade permitida. As visitas de grupos serán dun máximo de ata 25 persoas , incluído o monitor ou guía. Na medida do posible estableceranse percorridos obrigatorios para separar circulacións ou organizar horarios de visitas para evitar aglomeracións de visitantes e evitar interferencias entre distintos grupos ou visitas. As zonas onde se desenvolvan traballos de mantemento serán acoutadas para evitar interferencias coas actividades de visita.
CENTROS DE LEGER INFANTIL	Permanecerán pechados os establecementos que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, espazos de xogo e entretemento, así como a celebración de festas infantís. Poderanse abrir a partir do 1 de xullo , se a Administración Autonómica o permite.



Deberán establecerse as medidas necesarias para **manter a distancia de seguridade interpersoal** nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de **servizo de hostalaría e restauración**, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

REGULACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Normas xerais:

Se se realiza ao AIRE LIBRE , poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de 25 persoas de forma simultánea.	Se se realiza en INSTALACIÓNS E CENTROS DEPORTIVOS poderase realizar en grupos de ata 25 persoas , sen contacto físico, e sempre que non se superen os 2/3 da capacidade máxima permitida.
NORMAS NAS INSTALACIÓNS E CENTROS DEPORTIVOS	
Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física	Cada instalación deportiva deberá publicar un protocolo para coñecemento xeral dos seus usuarios.
Non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado	As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.	Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans cos hidroxeles que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto
Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, utilizar máscara	Utilizarase a máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións , salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal



Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de **servizo de hostalaría e restauración**, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

REGULACIÓN DAS CONDICIÓN PARA O EXERCICIO DOUTRAS ACTIVIDADES

PISCINAS	Deberán respectar o límite do 75% da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.
ACTIVIDADE CINEXÉTICA	Está permitida en todas as súas modalidades sempre que se respecte a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, se utilicen medidas alternativas de protección física con uso de máscara.
PESCA FLUVIAL, MARÍTIMA, DEPORTIVA E RECREATIVA	Está permitida en todas as súas modalidades sempre que se respecte a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, se utilicen medidas alternativas de protección física con uso de máscara.
ACTIVIDADES DE NATUREZA E TURÍSTICA	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Poderanse realizar actividades de uso público en todos os espazos naturais que integran a rede galega de espazos protexidos. ✓ Poderán realizarse actividades de turismo activo e de natureza. ✓ Poderá realizarse a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de 25 persoas.
CENTROS DE INTERPRETACIÓN E VISITANTES, AULAS DA NATUREZA, CASETAS E PUNTOS DE INFORMACIÓN	Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos non se poderá exceder o 75% da súa capacidade.
REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE DIRIXIDAS Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL.	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Se se levan a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao 75 % da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de 250 participantes, incluíndo os monitores. ✓ Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o 50% da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 150 participantes, incluíndo os monitores.

PRAIAS	Os concellos poderán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitido por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de aproximadamente catro metros cadrados .
CENTROS RECREATIVOS TURÍSTICOS, ZOO LÓXICOS E ACUARIOS	Poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total aos 2/3 e ao 50% nas atraccións. As visitas de grupos serán dun máximo de ata 25 persoas , incluído o monitor ou guía.
PARQUES E ZONAS DEPORTIVAS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE.	Poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.
CELEBRACIÓN DE CONGRESOS, ENCONTROS, REUNIÓN DE NEGOCIO, CONFERENCIAS, EVENTOS E ACTOS SIMILARES.	Poderanse realizar sempre que non se supere o 75% da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de 300 persoas sentadas para lugares pechados e de 1000 persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre .
FESTAS, VERBENAS, OUTROS EVENTOS POPULARES E ATRACCIÓN DE FEIRAS.	Poderán restablecer a súa actividade a partir do 1 de xullo se a Administración autonómica así o permite.
ACTIVIDADE DE PRAZAS, RECINTOS E INSTALACIÓN TAURINAS.	Poderán desenvolver a súa actividade taurina sempre que conten con butacas preasignadas e non se supere o 50% da capacidade autorizada, e en todo caso, un máximo de 800 persoas .
ESTABLECEMENTOS E LOCAIS DE XOGO E APOSTAS.	Poderán realizar a súa actividade sempre que non se superen os 2/3 da capacidade permitida .



Deberán establecerse as medidas necesarias para **manter a distancia de seguridade interpersoal** nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de **servizo de hostalaría e restauración**, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.



Con carácter xeral, calquera local ou establecemento comercial para o que non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade, **non poderá superar o 75% por cento da capacidade autorizada.**

O anterior non resultará de aplicación nos **establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio por internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias**, sen prexuízo da necesidade de cumprir as medias xerais de hixiene e protección.

ACTIVIDADES QUE DEBERÁN PERMANECER PECHADAS OU PODERÁN ABRIR CON LÍMITACIÓN DE CAPACIDADE

ACTIVIDADES QUE PERMANECERÁN PECHADAS ATA NOVA ORDE DA CONSELLERÍA	
Os servizos e centros de atención á infancia, como escolas infantís 0-3, puntos de atención á infancia, casas niño, espazos infantís e ludotecas.	As residencias de tempo libre.
Os espazos xoves.	Os albergues e campamentos xuvenís dependentes da Consellería de Política Social. Os demais incluídos no censo da Dirección Xeral de Xuventude poderán desenvolver a súa actividade nas condicións xa indicadas neste documento.
As residencias xuvenís.	Os centros sociocomunitarios de benestar.
Os servizos de conciliación de carácter grupal complementarios de programas de inclusión social, agás aquelas actividades de conciliación nas cales se presta atención individualizada.	Os centros de atención diúrna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e centros ocupacionais, agás para a realización de terapias individuais en domicilios ou centros con cita previa.
Casas do maior.	
ACTIVIDADES QUE PODERÁN ABRIR CON LIMITACIÓN DE CAPACIDADE	
Os centros de atención social continuada , ata o 75% da capacidade.	Os comedores sociais , ata 2/3 da capacidade.
As actividades formativas e demais actuacións grupais de inclusión, ata o 75% da capacidade.	As escolas de educación no tempo libre , ata o 75% da capacidade.
As hospedarías das casas do mar , que estarán abertas nas mesmas condicións establecidas para os establecementos hoteleiros.	

MEDIDAS RELATIVAS AO TRANSPORTE TERRESTRE E MARIÑO

<p>MOTOCICLETAS, CICLOMOTORES E VEHÍCULOS CATEGORÍA L,</p>	<p>Poderán viaxar 2 persoas.</p> <p>O uso de luvas será obrigatorio por parte do pasaxeiro e tamén por parte do condutor no caso de motocicletas e ciclomotores destinados ao uso compartido.</p>
<p>TRANSPORTES PRIVADOS PARTICULARES E PRIVADOS COMPLEMENTARIOS DE PERSOAS EN VEHÍCULOS DE ATA NOVE PRAZAS, INCLUÍDO O CONDUTOR.</p>	<p>Poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo.</p> <p>Nos vehículos nos que unicamente se dispoña dunha fila de asentos, como no suposto de cabinas de vehículos pesados, furgonetas ou outros, poderán ocuparse todas as prazas.</p>
<p>TRANSPORTES PÚBLICOS DE VIAXEIROS EN VEHÍCULOS DE ATA NOVE PRAZAS, INCLUÍDO O CONDUTOR.</p>	<p>Poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo por cada fila adicional de asentos respecto da do condutor.</p>
<p>NO TRANSPORTE PÚBLICO REGULAR, DISCRECIONAL E PRIVADO COMPLEMENTARIO DE VIAXEIROS, NOS VEHÍCULOS E EMBARCACIÓNS QUE DISPOÑAN DE ASENTOS.</p>	<p>Poderase ocupar a totalidade dos asentos procurando, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias.</p>
<p>NO TRANSPORTE PÚBLICO REGULAR, DISCRECIONAL E PRIVADO COMPLEMENTARIO DE VIAXEIROS, NOS VEHÍCULOS E EMBARCACIÓNS QUE TEÑAN AUTORIZADAS PRAZAS DE PÉ.</p>	<p>Procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, e establecerase como referencia de ocupación a de dous viaxeiros por cada metro cadrado na zona habilitada para viaxar de pé.</p>



En todos os supostos **será obrigatorio o uso de máscara por parte de todos os ocupantes dos vehículos**, agás nos recollidos no número 2, cando todos os ocupantes do vehículo convivan no mesmo domicilio.

Nos **transportes en motocicletas, ciclomotores e vehículos categoría L**, cando viaxen dous ocupantes, deberán levar máscara ou casco integral cando non convivan no mesmo domicilio.

AVISO XURÍDICO IMPORTANTE

O presente texto está destinado unicamente ao seu uso como instrumento documental. Ten carácter meramente informativo e non exhaustivo. Tampouco ten carácter vinculante nin validez xurídica alguna, debendo comprobarse sempre a súa vixencia e a exactitude dos datos nas fontes legais e administrativas correspondentes. Por tanto, para fins xurídicos consulte os textos legais publicados nos boletíns oficiais.

A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela non se fai responsable do seu contido.

Para calquera dúbida ou consulta, pode remitirnos un mail a informacion@camaracompostela.com ou ben contactar telefónicamente no 981596800.